

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
DONA SONIA OUTÓN CASAL
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ
DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ
DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
DONA MARÍA MOSQUERA LEAL
D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ
DONA LUCÍA CESAR VELOSO
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA
D. MIGEL ALVES LAGO

SECRETARIA
DONA ROSA LOSADA SUÁREZ
INTERVENTORA
DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 15 de decembro de 2017, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1.- Toma de posesión por parte de D. Manuel Méndez Varela do cargo de Concelleiro.

2.- Exame da reclamación presentada por Espina & Delfín, S.L. e posterior aprobación definitiva, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo subministro de auga potable a domicilio e incremento dos prezos das acometidas, contadores e outros.

1.- TOMA DE POSESIÓN POR PARTE DE D. MANUEL MÉNDEZ VARELA DO CARGO DE CONCELLEIRO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 15 de decembro de 2017, do seguinte teor:

Pola Sra. Secretaria dáse conta da recepción no Concello da credencial expedida pola Xunta Electoral Central a favor do Concelleiro D. Manuel Méndez Varela por estar incluído na lista de candidatos, presentada polo Grupo de PP ás eleccións Locais de 24 de maio de 2015, en substitución e por renuncia de D. Tomás Javier Fole Díaz e Dona Mónica María Miguéns Iglesias.

Así mesmo faise constar que presentou a correspondente declaración de causas de posible incompatibilidade e actividade e de bens patrimoniais.

Procede que o Sr. Méndez Varela xure ou prometa acatamento á Constitución coa finalidade de tomar posesión do cargo de Concelleiro.

A Comisión queda sabedora.

A continuación, de conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da LOREX, o Sr. Concelleiro debe tomar posesión e para adquirir a plena condición do cargo de Concelleiro, debe xurar ou prometer acatamento á Constitución, segundo a fórmula seguinte: "*xuro ou prometo*

pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO/A con lealdade ó Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado".

Procédese a chamar ao Sr. Concelleiro para que realice a devandita promesa ou xuramento, efectuándoa segundo esta fórmula, empregando a seguinte expresión:

Xuro pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO/A con lealdade ó Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado

O Sr. Alcalde imponlle a medalla da corporación ao novo Concelleiro e dálle a benvinda no nome da Corporación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171215&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- EXAME DA RECLAMACIÓN PRESENTADA POR ESPINA & DELFÍN, S.L. E POSTERIOR APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO E INCREMENTO DOS PREZOS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 15 de decembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do teor seguinte:

ASUNTO: ALEGACIÓNS DA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVICIO MUNICIPAL DE AUGA, ESPINA Y DELFÍN, SL Á APROBACIÓN INICIAL DA O.F. Nº II.2 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO PARA O ANO 2018.

Aprobada provisionalmente o 17/10/2017 a Ordenanza Fiscal nº II.2 conforme a proposta efectuada pola Tesourería, e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 205 de 25/10/2017, a empresa concesionaria do servizo, Espina & Delfín SL, presentou escrito de alegacións o 05/12/2017.

En definitiva, o que se trata de dirimir é si a achega efectuada por Espina & Delfín SL de 1.324.180 € con ocasión da prórroga do contrato de Concesión da Xestión integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga a Vilagarcía de Arousa aprobada en sesión plenaria de 25/05/2006 debe repercutirse aos contribuíntes a partir do 01/01/2018 vía tarifa (tal como interpreta a empresa) ou non (tal e como aprobou inicialmente o Pleno), o que determinará un importe distinto nas tarifas da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio para o ano 2018.

A inclusión da amortización de 1.324.180 € nas tarifas suporía a aprobación do cadro de tarifas proposto pola empresa Espina & Delfín SL (rex. de entrada de 06/10/2017) e a non inclusión da amortización suporía a aprobación definitiva das tarifas aprobadas inicialmente en sesión plenaria de 17/10/2017. Consta no expediente cadro comparativo das tarifas calculadas cos dous criterios.

Do literal do acordo de prórroga non se deduce a inclusión da amortización de 1.324.180 € nas tarifas, xa que o acordo recolle a achega da empresa como contrapartida da prórroga por 20 anos. Non obstante, da síntese do debate plenaria recollido na Acta da sesión de 25/05/2006 podería chegar deducirse outra interpretación da vontade das partes.

En todo caso, tal e como establece o contrato de concesión, cantas dúbidas e discrepancias puidesen xurdir na interpretación do contrato que se formalice, que será fundamental e exclusivamente de carácter administrativo, serán resolvidas polo Pleno Municipal, en base á Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, Regulamentos ditados para a súa aplicación e demais disposicións concordantes, que, co seu acordo ó respecto, constituirá acto administrativo que resolva a cuestión.

Xa que do acordo de prórroga non se deduce a inclusión da amortización de 1.324.180 € nas tarifas e tampouco se produce unha modificación unilateral do contrato ni a vulneración dos principios de boa fe e confianza lexítima

propoño que pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas pola empresa Espina & Delfín SL xa que no acordo plenario adoptado o 25/05/2006 de prórroga da concesión non se contemplou a repercusión nas tarifas da achega de 1.324.180 €.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a Ordenanza Fiscal nº II.2 reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio para o ano 2018 aprobada provisionalmente o 17/10/2017.

Vilagarcía de Arousa, 12 de decembro de 2017

A ALCALDESA EN FUNCIONS

Asdo. Tania García Sanmartín

Dáse conta do informe da Tesourería Municipal do seguinte teor:

Asunto: ALEGACIONES DA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVICIO MUNICIPAL DE AUGA, ESPINA Y DELFIN, SL Á APROBACIÓN INICIAL DA O.F. Nº II.2 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO PARA O ANO 2018.

Con data 11/10/2017 emitíuse informe de Tesourería en relación á proposta presentada o 06/10/2017 por ESPINA Y DELFIN, SL, empresa concesionaria do servizo, en relación coa variación das tarifas contidas no artigo 9 da Ordenanza Fiscal Nº II.2, reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, para o ano 2018.

Neste informe efectuábanse, en síntese, as seguintes consideracións:

- As tarifas desta taxa, presentaban dende a sinatura do contrato dous compoñentes distintos: unha parte por abastecemento de auga (a) e outra por amortización de investimentos (b). Segundo o disposto no contrato da concesión da xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga potable de Vilagarcía de Arousa, que foi adxudicado en sesión plenaria de 21/12/1992, os termos da adxudicación foron os seguintes:

- *“Canon: 0 pts/m³*
- *Tarifa media: 40,60 pts/m³*
- *Custo unitario: 40,60 pts/m³*
- *Investimento: 325.076.176 pts*
- *Amortización investimento: 25 anos. Decembro/93, finalizado o 50% dos investimentos ofertados. Decembro/94, finalizado 100% investimentos ofertados. Xaneiro/95, comezo do pagamento amortización investimento.*

O concesionario percibirá: a) en concepto de retribución polos servizos obxecto da concesión, os ingresos que se perciban dos abonados a través da tarifa correspondente. b) en concepto de amortización do investimento proposto, os ingresos procedentes do incremento das devanditas tarifas.”

Posteriormente engadiuse á tarifa un terceiro compoñente correspondente á amortización dos investimentos efectuados no 2004 segundo acordo plenario de 27/10/2005 do seguinte literal (aprobado definitivamente en sesión plenaria de 19/12/2005): *“...Aprobar provisionalmente a porcentaxe do incremento correspondente para o 2006 para a amortización das obras de inversión, conforme ó contido na oferta presentada pola empresa concesionaria no concurso e no estudio económico. Os prezos por m³ así calculados sumaráselle a cantidade de 0,007958 e a de 0,036563 á cota mensual de servizo (cota fixa) para amortizar as novas obras de inversión que ascenden a 317.795,00 €. O resultado final será a tarifa para o ano 2006.*

Non obstante ó anterior a empresa concesionaria deberá modificar as cantidades a sumar ós prezos por m³ e na cota mensual de servizo, cada 4 anos, en función do consumo total de m³ e do nº de abonados, debendo xustificar ámbalas dúas cantidades mediante informe no que, ademais, irase especificando que cantidade se amortizou e cal queda pendente de amortizar para os exercicios seguintes (2009, 2013 e 2017)”.

Polo tanto, para calcular a tarifa en cada ano, esixíanse tres cálculos distintos e consecutivos:

- a) compoñente da tarifa correspondente ao abastecemento de auga actualizábase segundo a variación do IPC.
- b) ao importe resultante do anterior sumábaselle a parte da tarifa correspondente á amortización dos investimentos previstos no contrato, segundo o cadro de OFERTA

ALTERNATIVA “A” (AMORTIZACIÓN VÍA TARIFA) anexo ao contrato, que implicaba unha amortización distinta anualmente.

c) ao importe resultante do anterior sumábaselle a parte da tarifa correspondente á amortización dos investimentos efectuados no 2004, segundo un importe anual fixo.

- Para o ano 2018, a diferenza dos anteriores, non se actualiza o prezo por m³ na cantidade correspondente á amortización dos investimentos previstos no contrato (o compoñente b) da tarifa), por ter finalizado no exercicio 2017. No mesmo senso, tampouco se poderá engadir a cantidade correspondente á amortización dos investimentos do 2004 (o compoñente c) da tarifa) por considerar finalizada dita amortización no 2017.

Polo tanto, enténdese que para calcular as tarifas correspondentes ao 2018 non se poden considerar os compoñentes da tarifa relativos a amortización de investimentos de ningún tipo. E sobre a parte da tarifa correspondente ao abastecemento de auga aplicar a variación do IPC.

Pola contra, a proposta efectuada pola empresa concesionaria parte das tarifas previstas na Ordenanza Fiscal para o ano 2017 (que inclúen amortizacións de investimentos) e aplica sobre ditas tarifas o 1,5 % do IPC. É dicir, consolida a parte correspondente a amortización de investimentos na tarifa, e aumenta co IPC non só a parte da tarifa por abastecemento de auga, senón tamén a parte da amortización.

- En sesión plenaria celebrada o 25/05/2006 acordouse: *“aprobar a prórroga da concesión por un prazo de 20 anos a cambio de que a entidade concesionaria, Espina & Delfín, S.L. aporte en efectivo a cantidade de 1.324.180 € para financiar o 40 % do proxecto de melloras no abastecemento a Vilagarcía de Arousa 1ª fase, facultando ao Sr. Alcalde para que, de acordo co estudo económico realizado polo grupo municipal do BNG, negocie coa empresa unha redución dos anos de prórroga solicitados e dando conta ao Pleno”* e *“aprobar: non aplicar no futuro, agás que outro acordo plenario revoque o presente, o incremento das tarifas do servizo para financiar obras de mellora da infraestrutura.”*

Polo tanto, á vista do exposto, e salvo existencia doutros acordos dos que non se teña constancia, considérase que tal e como se explicou anteriormente, deben descontarse das tarifas establecidas na ordenanza fiscal para o 2017 a parte das mesmas correspondente á amortización de investimentos, que non se poden consolidar na tarifa por abastecemento de auga, e sobre a contía resultante aplicar a variación do IPC.

- Enténdese que ditas tarifas **non se axustan ao contrato da concesión administrativa de explotación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, nin á súa prórroga.**

- As tarifas para 2018 que se consideran axustadas a contrato, salvo calquera outro acordo do que non se teña constancia, son as seguintes: (...)

Aprobada provisionalmente o 17/10/2017 a Ordenanza Fiscal nº II.2 conforme a proposta efectuada pola Tesourería, e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 205 de 25/10/2017, a empresa concesionaria do servizo, Espina & Delfín SL, presentou escrito de alegacións o 05/12/2017.

En síntese, das alegacións presentadas dedúcese que o que se trata de dirimir é si a achega efectuada por Espina & Delfín SL de 1.324.180 € con ocasión da prórroga do contrato de Concesión da Xestión integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga a Vilagarcía de Arousa debe repercutirse aos contribuíntes vía tarifa (tal como interpreta a empresa) ou non (tal e como aprobou inicialmente o Pleno), o que determinará un importe distinto nas tarifas da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio para o ano 2018.

Polo tanto, a alegación está intimamente ligada co contrato de Concesión da Xestión integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga a Vilagarcía de Arousa, que no último ano ascendeu ao seguinte montante:

	4º TRIMESTRE 2016	1º TRIMESTRE 2017	2º TRIMESTRE 2017	3º TRIMESTRE 2017	TOTAL
Nº total abonados	18.915	18.936	18.935	19.012	
Importe total subministro	489.839,59	485.522,94	498.904,61	553.569,36	2.027.836,50
Cota sobre mantemento	9.933,86	9.950,30	9.947,18	9.964,82	39.796,16
Total sen IVE	499.773,45	495.473,24	508.851,79	563.534,18	2.067.632,66
IVE sobre subministro	49.008,71	48.578,34	49.915,38	55.380,49	202.882,92
IVE sobre mantemento	2.061,88	2.065,30	2.064,63	2.068,30	8.260,11

TOTAL con IVE	550.844,04	546.116,88	560.831,80	620.982,97	2.278.775,69
---------------	------------	------------	------------	------------	---------------------

Aos efectos de adoptar un acordo deberanse ter en conta as seguintes consideracións:

PRIMEIRA.- Na alegación previa manifesta que na Ordenanza Fiscal nº 15 reguladora da Taxa polo suministro de auga potable a domicilio aprobada en sesión plenaria de 27/10/2005, e que entrou en vigor o 01/01/2006, a tarifa, como cantidade a abonar polos usuarios non discrimina en (i) o custe do servizo e (ii) a amortización dos investimentos dispostos polo Concello, senón que de acordo coa Cláusula I-95a-2- do Contrato “O Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese, salvo as excepcións contempladas no Regulamento de Servicio das Corporacións Locais, a que as tarifas a aplicar ós aboados cubran en todo momento o custe unitario do Servicio, así como as cargas financeiras correspondentes en cada momento e Plans de Inwestimentos, que execute o Concesionario de conformidade co que dispoña o Concello”.

Efectivamente, nas tarifas incluídas nos textos definitivos das Ordenanzas Fiscais non se fai unha diferenciación dos dous compoñentes da tarifa que prevé o contrato da concesión da xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga potable. Tampouco se fai dita diferenciación no momento de practicar a liquidación da taxa aos contribuíntes; xa que só se ten en conta, en ambos casos, o resultado final a aplicar aos contribuíntes.

Agora ben, aínda que non se recolle de forma separada nas tarifas publicadas, na tramitación do expediente si existe unha diferenciación clara e precisa de cada parte. Diferenciación imprescindible para poder aplicar os cálculos de actualización de tarifas previstos no contrato de concesión e no acordo plenario de 27/10/2005 (polo que se inclúen nas tarifas os investimentos do 2004). Separación entre (i) o custe do servizo e (ii) a amortización dos investimentos posta de manifesto pola empresa concesionaria en todas as propostas de actualizacións de tarifas presentadas anualmente e incorporadas aos expedientes de modificación da Ordenanza Fiscal anualmente e aprobadas polo Pleno. O cal non podería ser doutro modo dado que está prevista no contrato dita diferenciación, aínda que na aplicación práctica non se teña en conta porque non resulta relevante sobre o resultado final ao contribuínte.

E en todas as actualizacións se tiveron en conta, obviamente, as amortizacións dos investimentos efectuados pola concesionaria porque así o establecía o propio contrato ou o acordo plenario correspondente indubidadamente. O contrato nos seguintes termos:

- *“Canon: 0 pts/m³*
- *Tarifa media: 40,60 pts/m³*
- *Custo unitario: 40,60 pts/m³*
- *Investimento: 325.076.176 pts*
- *Amortización investimento: 25 anos. Decembro/93, finalizado o 50% dos investimentos ofertados. Decembro/94, finalizado 100% investimentos ofertados. Xaneiro/95, comezo do pagamento amortización investimento.*

O concesionario percibirá: a) en concepto de retribución polos servizos obxecto da concesión, os ingresos que se perciban dos abonados a través da tarifa correspondente. b) en concepto de amortización do investimento proposto, os ingresos procedentes do incremento das devanditas tarifas.”

E o acordo plenario de 27/10/2005 nos seguintes termos: *“...Aprobar provisionalmente a porcentaxe do incremento correspondente para o 2006 para a amortización das obras de inversión, conforme ó contido na oferta presentada pola empresa concesionaria no concurso e no estudio económico. Ós prezos por m³ así calculados sumaráselle a cantidade de 0,007958 e a de 0,036563 á cota mensual de servizo (cota fixa) para amortizar as novas obras de inversión que ascenden a 317.795,00 €. O resultado final será a tarifa para o ano 2006.*

Non obstante ó anterior a empresa concesionaria deberá modificar as cantidades a sumar ós prezos por m³ e na cota mensual de servizo, cada 4 anos, en función do consumo total de m³ e do nº de abonados, debendo xustificar ámbalas dúas cantidades mediante informe no que, ademais, irase especificando que cantidade se amortizou e cal queda pendente de amortizar para os exercicios seguintes (2009, 2013 e 2017)”.

O problema que se expuxo con motivo da actualización de tarifas deriva fundamentalmente de que **no acordo plenario de 25/05/2006 non se recolle de forma indubidada que se incorpore a amortización de 1.324.180 € na tarifa**, senón que o acordo é do seguinte literal: *“aprobar a prórroga da concesión por un prazo de 20 anos a cambio de que a entidade concesionaria, Espina & Delfín, S.L. aporte en efectivo a cantidade de 1.324.180 € para financiar o 40 % do proxecto de melloras no abastecemento a Vilagarcía de Arousa 1ª fase, facultando ao Sr. Alcalde para que, de acordo co estudo económico realizado polo grupo municipal do BNG, negocie coa empresa unha redución dos anos de*

prórroga solicitados e dando conta ao Pleno” e “aprobar: non aplicar no futuro, agás que outro acordo plenario revoque o presente, o incremento das tarifas do servizo para financiar obras de mellora da infraestrutura.”

SEGUNDA.- Tamén na alegación previa fai constar que con data 11/05/2006 (registro de entrada no Concello de 12/05/2006) Espina & Delfín SL manifesta que está en condicións de anticipar ao Concello a cantidade de 1.324.180 € correspondente ao 40% do montante do proxecto de “Melloras no Abastecemento a Vilagarcía de Arousa- 1ª fase”, se ben tamén manifestan que ao obxecto de manter o equilibrio económico da concesión e non repercutir incremento algún sobre as tarifas en vigor (salvo IPC), sería necesario prorrogar a concesión 20 anos a partir do vencemento do actual contrato.

Alega que a proposta de Espina & Delfín SL partía da premisa de que o Concello de Vilagarcía de Arousa respecta as tarifas en vigor, publicadas no BOPP, respectando o incremento resultante das amortizacións comprometidas ata ese momento sen ningún incremento adicional que no sexa o IPC compensando deste modo o custe financeiro e a amortización a partir do 2018 do importe de 1.324.180 € que se entregaba no 2006 para posibilitar a execución o Proxecto, evitando así un incremento de tarifas neste momento.

Afonda máis a interesada no sentido da súa postura inicial de que o anticipo se ía a amortizar vía repercusión na tarifa ao facer referencia a que, no ámbito da negociación dunha redución do período de prórroga Espina & Delfín SL presentou un escrito o 19/06/2006 no que facía constar o seguinte:

“Por todo lo expuesto, es evidente que en modo alguno sería prudente por nuestra parte acceder a su petición de recortar el período de prórroga de los 20 años como contraprestación a la aportación económica de 1.324.180,00 €, la cual será francamente difícil recuperar ya que su amortización no comienza hasta el año 2018”

Non obstante, **dito escrito é posterior ao acordo plenario de 25/05/2006 polo que se aproba a prórroga por 20 anos**, e polo tanto non se pode alegar como xustificación da vontade das partes previa ao acordo plenario.

Pola que subscribe non se pon en dúbida que esa fora a premisa da que partía a empresa, non obstante tal premisa non queda plasmada de forma clara na súa proposta e de ningún xeito queda plasmada no acordo municipal adoptado no pleno de 25/05/2006. É mais, **non se incorpora nin á proposta da concesionaria de data 11/05/2006 nin ao expediente ningún cadro de amortización, táboa ou cálculo de ningún tipo que poña de manifesto e xustifique que ca prórroga de contrato por 20 anos se amortizase a achega de 1.324.180 €**. De forma que podería darse o caso de que, mantendo as tarifas aplicables aos contribuíntes a 31/12/2017 (que inclúen tanto o custe do servizo como a amortización de investimentos) e incrementándoas anualmente no IPC correspondente ata o 31/12/2037, a cantidade amortizada fose incluso superior a 1.324.180 € e que a través do contrato de prórroga (interpretado no senso que expón a empresa) se estivese modificando o prezo do contrato.

Pola contra, tanto no investimento inicial previsto no contrato como no acordado en sesión plenaria de 27/10/2005 existían, ademais da referencia expresa á inclusión da amortización na tarifa, cálculos detallados ou cadros de amortización que xustificaban o importe a repercutir nas tarifas aos contribuíntes. E así se aplicaron e aplicarán ata o 31/12/2017.

Agora ben, a interesada alega que é da Acta da sesión plenaria de 25/05/2006 de onde se pode deducir a vontade das partes de manter as tarifas íntegras, é dicir, cos dous compoñentes (custe de servizo e amortización de investimentos) a pesar de ter finalizado no 2017 a amortización dos investimentos previstos no contrato e dos acordados en sesión plenaria de 27/10/2005. Vontade das partes, que segundo a interesada queda de manifesto na deliberación do asunto na sesión, sen que o resultado de dita discusión se incorporara á parte dispositiva dos acordos adoptados. Alega que si ben ese compromiso municipal de mantemento das tarifas vixentes non se levou de forma expresa á literalidade dos acordos adoptados na sesión plenaria celebrado o 25 de maio de 2006, o certo e verdade é que dito compromiso forma parte do contido implícito que resulta do propio debate plenario. As intervencións plenarias ás que fai referencia son as seguintes:

- Por parte do Sr. Alcalde:

“[] Existe un compromiso do goberno municipal de **non empregar máis no futuro o incremento das tarifas do servizo para financiar a execución de obras** e este compromiso quere que conste tamén*

neste pleno, pero de todas formas esta é unha prerrogativa da administración, non da empresa se ben o goberno municipal comprométese a non utilizar esa cláusula.

[*] non é o mesmo para un empresario executar as obras que poñer cartos, pois sempre lle é máis rentable o primeiro, aínda deducindo os custos de execución material, etc.

Por outra parte, cando se otorgou a concesión, Espina & Delfín comprometeuse a executar obras por importe de 325 millóns de pesetas, se se retira o beneficio industrial quedarían aproximadamente en 200 millóns e un prazo de 25 anos, agora aporta 1.324.180 euros e pide unha prórroga de 20 anos”.

- Pola emenda presentada polo BNG:

“Primeiro.- Limitar a prórroga da concesión á parte correspondente ao anticipo de euros 1.324.180; recurso económico que se precisa para o proxecto acordado con Augas de Galicia.

Resultando que a obra vai durar máis alá do período de mandato da actual corporación, a outra parte que propón a Concesionaria para “execución de obras varias de mellora na rede (645.186 euros), debe ser valorada no futura e tócalle a próxima corporación e goberno local adoptar o acordo que estimen máis atinado, financiar con recursos propios ou prorrogar a concesión.

Segundo.- Pactar a **modificación do contrato**, suscrito coa Concesionaria con data 13 de xaneiro de 1993, de xeito que por medio da forma que resulte máis axeitada, para ista finalidade, se establezca a **“eliminación da posibilidade de aplicar aos abonados, as cargas financeiras correspondentes en cada momento aos Plans de Investimentos, que execute o Concesionario” (loxicamente sen efectos retroactivos)** para evitar así situacións que o BNG ven opoñendo na aprobación do incremento das taxas de auga e de depuración; e dicir, para asegurar agora e **no futuro** que se cumpra o compromiso do Goberno Local que ten asegurado “non recorrer nunca máis ó financiamento de obras de melloras na rede con incrementos engadido da taxa”, senón que con cargo aos orzamentos municipais.

Terceira.- Pedir que pola Alcaldía, se amplíe a negociación coa concesionaria de xeito que a prórroga demandada no primeiro dos casos (20 anos) se adapte á fórmula de cálculo establecida na segunda das propostas (5 anos) por resultar ámbalas dúas contradictorias no resultado”.

- Por parte do Sr. Rivera Mallo:

“é positivo que se acepte retirar a mellora da rede de distribución e que se deixe a criterio da próxima corporación. Tamén propón que non se incrementen as tarifas, agás o que resulte da subida do IPC”.

De todas estas intervencións, entende a empresa que se desprende claramente que a imposibilidade de aplicar aos abonados as cargas financeiras correspondentes en cada momento aos investimentos que realice o concesionario plantéxase como unha modificación a futuro que non alcanza en modo algún ao investimento obxecto da proposta de Espina & Delfín SL, isto é, o anticipo de 1.324.180 €.

Pola que subscribe non se nega a posibilidade de efectuar dita interpretación do extracto das intervencións mencionadas, se ben é certo que tamén caben outras interpretacións distintas. E o certo é que o 25/05/2006 o Pleno limitase a adoptar o seguinte acordo:

“aprobar a prórroga da concesión por un prazo de 20 anos a cambio de que a entidade concesionaria, Espina & Delfín, S.L. aporte en efectivo a cantidade de 1.324.180 € para financiar o 40 % do proxecto de melloras no abastecemento a Vilagarcía de Arousa 1ª fase, facultando ao Sr. Alcalde para que, de acordo co estudo económico realizado polo grupo municipal do BNG, negocie coa empresa unha redución dos anos de prórroga solicitados e dando conta ao Pleno”

e

“aprobar: non aplicar no futuro, agás que outro acordo plenario revoque o presente, o incremento das tarifas do servizo para financiar obras de mellora da infraestrutura.”

Acordo que non foi impugnado en ningún momento pola interesada, pese a non facer referencia algunha ás tarifas aplicables.

En ningún punto do acordo se fai mención algunha nin á amortización vía tarifa da achega de 1.324.180 € nin ao mantemento ou modificación da tarifas. Tampouco no debate previo ao acordo se fai referencia ás tarifas, aínda que si se debata sobre a inclusión ou non de amortizacións no futuro. Agora ben, non lle corresponde á que subscribe efectuar unha interpretación das intervencións dos concelleiros integrantes do Pleno. **Enténdese que deberá ser o órgano de contratación o que terá que facer a interpretación da prórroga da concesión.** Neste senso, o contrato de concesión da xestión integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga a Vilagarcía de Arousa establece na condición 18a que cantas dúbidas e discrepancias puidesen xurdir na interpretación do contrato que se formalice, que será fundamental e exclusivamente de carácter administrativo, serán resolvidas polo Pleno Municipal, en base á Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, Regulamentos ditados para a súa

aplicación e demais disposicións concordantes, que, co seu acordo ó respecto, constituirá acto administrativo que resolva a cuestión.

TERCEIRA.- Fai referencia a interesada tamén, na alegación previa, que o contido do acordo plenario de 25/05/2006 é o de prorrogar un contrato administrativo existente de data 17/12/1992 o que implica dar continuidade ao conxunto de dereitos e obrigas contractuais das partes que non se ven alterados nin mutados por prorrogar no tempo un contrato existente; e que o mantemento das tarifas (salvo IPC) era un extremo asumido que non fora nin tiña sido obxecto de cuestionamento algún, salvo no momento presente. Ademais, na alegación segunda refírese á modificación unilateral das condicións económicas do contrato.

Efectivamente a prórroga supón a continuidade do conxunto de dereitos e obrigas contractuais, pero precisamente **parte dos dereitos contractuais tiñan unha vixencia temporal limitada** (véxanse os 25 anos de amortización previstos no contrato de concesión para os investimentos de 325.076.176 pts e os cadros de amortización dos investimentos aprobados en sesión plenaria de 27/10/2005), e unha vez finalizada a amortización dos investimentos repercutidos vía tarifa, esta amortización non se poden manter no tempo aínda que se acorde a prórroga da concesión.

– *Investimento: 325.076.176 pts*

– **Amortización investimento: 25 anos.** Decembro/93, finalizado o 50% dos investimentos ofertados. Decembro/94, finalizado 100% investimentos ofertados. Xaneiro/95, comezo do pagamento amortización investimento.

O concesionario percibirá: a) en concepto de retribución polos servizos obxecto da concesión, os ingresos que se perciban dos abonados a través da tarifa correspondente. b) **en concepto de amortización do investimento proposto, os ingresos procedentes do incremento das devanditas tarifas.**

Finalizado o período de amortización non pode seguir repercutindo na tarifa o compoñente da amortización aínda que se acorde a prórroga da concesión. Polo tanto, o feito de non engadir nas tarifas para o 2018 o compoñente b) non supón nin un incumprimento nin unha modificación unilateral do contrato, senón precisamente o contrario, supón o cumprimento do contrato. O problema, tal e como se expuxo ao principio, está en dilucidar se o acordo de prórroga supoñía a obriga de repercusión vía tarifa da achega de 1.324.180 € ou non.

Obviamente, o mantemento das tarifas non tiña sido obxecto de cuestionamento ata o momento porque non se tiña dado o suposto de feito: a finalización das amortizacións vía tarifa dos investimentos previstos no contrato e dos aprobados no pleno de 27/10/2005, e a inclusión nas tarifas para o 2018 dunha nova amortización, correspondente á achega de 1.324.180 € efectuada pola empresa concesionaria.

CUARTA.- Na alegación primeira a interesada refírese a cláusula 95a.-2 do contrato, que dispón que o Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese, salvo as excepcións contempladas no Regulamento de Servicio das Corporacións Locais, a que as tarifas a aplicar ós aboados cubras en todo momento o custe unitario do Servicio, así como as cargas financeiras correspondentes en cada momento e Plans de Investimentos, que execute o Concesionario de conformidade co que dispoña o Concello

As tarifas polo tanto deben cubrir as cargas financeiras correspondentes a Plans de Investimentos. Non obstante, o problema que se plantexa aquí é precisamente se esa achega que efectuou a empresa de 1.324.180 € debe repercutirse aos contribuíntes vía tarifa ou pola contra é unha achega que fai a empresa concesionaria a cambio da prórroga da concesión durante 20 anos, xa que o acordo di literalmente: “*aprobar a prórroga da concesión por un prazo de 20 anos a cambio de que a entidade concesionaria, Espina & Delfín, S.L. aporte en efectivo a cantidade de 1.324.180 €...*”

Así, en relación ca ampliación da infraestrutura, a cláusula 24a.1 do contrato prevé que para a execución das obras, o Concesionario deberá redactalo correspondente Programa de Investimentos, onde se reflexarán as obra a realizar, así como a repercusión que sobre o custo unitario vixente, nese momento, supoñan a execución de ditas obras.

Non se realizou programa de investimentos nin, como xa se mencionou anteriormente, cadro de amortización, táboa ou cálculo de ningún tipo que poña de manifesto a repercusión sobre o custo unitario vixente.

En resumo, alegan aquí que a falta de coherencia entre o debate plenario e os acordos adoptados na sesión celebrada o 25 de maio de 2006 descontextualizan a proposta realizada por Espina & Delfín e inducen a erro á Tesourería que parte dunha premisa incorrecta ao obviar que o

acordo asumido por Espina & Delfín e o Concello se sustenta en respectar o incremento resultante da amortización dos investimentos comprometidos ata ese momento sen ningún outro engadido que non sexa o IPC compensando deste modo o custe financeiro e a amortización a partir do ano 2018 de 1.324.180 € entregado no ano 2006 o que permitiu evitar unha subida de tarifas en aquel momento.

Polo tanto, facendo referencia á esa falta de coherencia alegada pola interesada (se ben o acordo plenario, pese a ser incoherente segundo a interpretación da empresa, non foi recorrido) novamente considérase que é preciso que sexa o órgano de contratación o que terá que facer a interpretación da prórroga da concesión.

QUINTA.- Por último, é preciso sinalar que o mantemento das tarifas tal como están actualmente (en 2017), é dicir, co compoñente de abastecemento de auga máis o de amortización de investimentos, supón manter na tarifa os seguintes importes:

- 0,1161 €/m³ correspondente á amortización de investimentos previstos no contrato adjudicado o 21/12/1992 por importe de 1.953.747,17 € (325.076.176 pts).
- 0,007958 €/m³ e 0,036563 de cota mensual, correspondentes á amortización de investimentos previstos no acordo plenario de 27/10/2004 por importe de 317.795,00 €.

Os investimentos por importe de **1.953.747,17 € foron amortizados en 25 anos** mediante a adición ás tarifas de cantidades que se incrementaron anualmente un 5% ata chegar no 2017 a 0,1161 €/m³.

Os investimentos por importe de **317.795,00 € foron amortizados en 12 anos** mediante a adición á tarifa por m³ da cantidade de 0,007958 e a de 0,036563 á cota mensual de servizo

A interpretación da concesión da prórroga que realiza a empresa supón que para amortizar 1.324.180 € aportados ao Concello no 2006 deberase manter durante 20 anos na tarifa da taxa a parte que corresponde á amortización de investimentos por un montante total de 2.271.542,17 €. Enténdese tamén que a modificación unilateral das condicións económicas do contrato e a vulneración dos principios de boa fe e confianza lexítima aos que se refiren as alegacións 2 e 3 non deben se obxecto de informe pola que subscribe.

CONCLUSIÓNS

En definitiva, o que se trata de dirimir é si a achega efectuada por Espina & Delfín SL de 1.324.180 € con ocasión da prórroga do contrato de Concesión da Xestión integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga a Vilagarcía de Arousa aprobada en sesión plenaria de 25/05/2006 debe repercutirse aos contribuíntes a partir do 01/01/2018 vía tarifa (tal como interpreta a empresa) ou non (tal e como aprobou inicialmente o Pleno), o que determinará un importe distinto nas tarifas da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio para o ano 2018.

A inclusión da amortización de 1.324.180 € nas tarifas suporía a aprobación do cadro de tarifas proposto pola empresa Espina & Delfín SL (rex. de entrada de 06/10/2017) e a non inclusión da amortización suporía a aprobación definitiva das tarifas aprobadas inicialmente en sesión plenaria de 17/10/2017. Consta no expediente cadro comparativo das tarifas calculadas cos dous criterios.

Do literal do acordo de prórroga non se deduce a inclusión da amortización de 1.324.180 € nas tarifas, xa que o acordo recolle a achega da empresa como contrapartida da prórroga por 20 anos. Non obstante, da síntese do debate plenaria recollido na Acta da sesión de 25/05/2006 podería chegar deducirse outra interpretación da vontade das partes.

En todo caso, tal e como establece o contrato de concesión, cantas dúbidas e discrepancias puidesen xurdir na interpretación do contrato que se formalice, que será fundamental e exclusivamente de carácter administrativo, serán resolvidas polo Pleno Municipal, en base á Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, Regulamentos ditados para a súa aplicación e demais disposicións concordantes, que, co seu acordo ó respecto, constituirá acto administrativo que resolva a cuestión.

Este é o meu informe, que se somete á consideración do Pleno, sen prexuízo de calquera outro mellor fundado en dereito, e calquera outro que se incorpore ao expediente, especialmente no relativo á modificación unilateral das condicións económicas do contrato e a vulneración dos principios de boa fe e confianza lexítima

A Tesoureira

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU e Somos Maioría informan favorablemente.

O representante do grupo municipal do BNG e Concelleiro non adscrito, di que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a desestimación das alegacións presentadas pola Empresa Espina & Delfín S.L. e a aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal nº II.2 reguladora da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio para o ano 2018, aprobada provisionalmente o 17 de outubro de 2017.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:

1) Desestimar as alegacións presentadas o día 05/12/2017 pola Empresa Espina & Delfín contra a aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo subministro de auga potable a domicilio para o ano 2018, xa que no acordo plenario adoptado o 25/05/2006, de prórroga da concesión á citada empresa polo prazo de 20 anos non se contemplou a repercusión nas tarifas da auga da achega de 1.324.180 €, realizada por Espina & Delfín, S.L.

2) Confirmar que do acordo de prórroga da concesión por 20 anos para a xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga potable, adoptado na sesión plenaria do 25/05/2006 a favor de Espina & Delfín, S.L. non se deduce a inclusión da amortización de 1.324.180 € nas tarifas e tampouco implica unha modificación unilateral do contrato de concesión nin a vulneración dos principios de boa fe e confianza lexítima.

3) Aprobar definitivamente a Ordenanza Fiscal nº II.2 reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio para o ano 2018 aprobada provisionalmente o 17/10/2017, quedando as tarifas para 2018, do seguinte teor:

USOS DOMÉSTICOS

1º bloque, ata 10 m ³ de consumo	0,305083
2º bloque, de 11 m ³ a 20m ³	0,384775
3º bloque, exceso de 20 m ³	0,410342
Cota mensual de servizo	1,565
Cota mínima mensual	4,616
Vivendas que non teñan contador	9,87

USO COMERCIAL

1º bloque, ata 10 m ³ de consumo	0,384775
2º bloque, exceso de 10 m ³	0,450752
Cota mensual de servizo	3,750
Cota mínima mensual	7,598

USO INDUSTRIAL

1º bloque, ata 25 m ³ de consumo	0,384775
2º bloque, exceso de 25 m ³	0,464553
Cota mensual de servizo	3,750
Cota mínima mensual	13,370

Locais comerciais e industrias Que non teñan contador	20,31
--	-------

OBRAS EN CONSTRUCCIÓN

1º bloque, ata 65 m ³	0,405200
----------------------------------	----------

2º bloque, exceso de 65 m ³	0,472305
Cota mensual de servizo	3,750
Cota mínima mensual	30,088

Canon conservación contadores 0,179

TARIFAS DE ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2018

1.-ACOMETIDAS

Øacometida	Gabia terra (A)	Gabia asfalto (B)	Gabia baldosa-beirarrúa (C)	
¾"	183,94€	242,63€	292,85€	
1"	202,02€	260,11€	309,78€	
1 ½"	267,46€	326,13€	377,02€	
2"	318,22	375,80€	426,02€	

Acometidas de mais de 5 m.	¾"	1"	1 ½"	2"
(A) Incremento de por m	9,65€	11,31€	20,30€	27,08€
(B) Incremento de por m	21,26€	22,90€	31,98€	38,65€
(C) Incremento de por m.	25,57€	27,19€	35,91€	42,88€

2.- CONTADORES

2.1.- Contadores de 15/20 mm.

- Instalación en batería de contadores ou similar
- Contador de 15/20 mm.
- Válvula antirretorno
- Pezas de conexión

Prezo 15mm....80,80€/ud.;

20mm.... 101,93€/ud.

2.2.- Contador diámetro superior a 20mm.

- Presupostarse para cada caso.

TARIFA DE CONTADORES (SEN INSTALACIÓN)

	€
Ø15mm	55,80/ud
Ø20 mm	76,93/ud
Ø25 mm	125,28/ud
Ø30 mm	175,14/ud
Ø40 mm	271,58/ud
Ø50 mm	593,21/ud
Ø65 mm	735,38/ud

3.- TARIFA POR INSPECCIÓN DE INSTALACIÓN DE OCNTADOR PRECINTADO E TOMA DE LECTURA PARA CAMBIO DE TITULARIDADE.

Total 18,10€/ud.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171215&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:00 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.